

El Correo Gallego

O Correo Galego



4 / Martes, 12.XII.1995 / O Correo Galego



O CÍRCULO DAS ARTES

A caída das follas

TARDE de decembro na Galería Trinta. Moisés e Fátima contemplan a exposición de José Joven.

M: Observa, trátase dun pintor de estreita convivencia co campo, os cadros están construídos con follas das árbores, fixate ben neles, nin sequera están pintadas, senón collidas directamente do chan e levadas ó lenzo. Aparentemente simula un traballo sinxelo que podería facer calquera.

F: Si, pero como ben dis, a 'sinxeleza' é só aparente, é o froito dun duro traballo no que conseguíu un equilibrio de contrastes plásticos e psicolóxicos, á parte dunha profundidade non orixinal por pretendidas leis de perspectiva.

M: Seguro que sente-la vida que latexa nesas follas mortas, nos papeis apergamiñados, encartoados coma pregues que envolven e arropan as follas coas que o artista compón, alude e remite a outras metas superiores.

F: Si, os elementos naturais, as follas, encerran unha imaxe, unha linguaxe concreta en clave xeroglífica.

M: Xa abrochou a túa ansia de obter unha resposta ó que ó mellor é puro azar.

F: Non, non levantes unha muralla nun ambiente impensable. A antiga devoción ancestral barallaba unha linguaxe tan profundamente arraigada que, se se prescindise dela, esta exposición ó mellor se convertería en algo trivial e fútil. Non te convertas en alma arrogante e non te burles de formas anteriores que dotaban a natureza dunha alma parlante. As follas veladas sobre o papel co que están construídos os cadros invitante a unha exploración.

M: ¡Observa! Nese lenzo compón unha senda que vai deixando pegadas perfumadas. Repite,

en distintos formatos, xogando, o motivo do trevo, e xoga con el insistentemente.

F: Efectivamente, e na linguaxe propia das flores, hoxe practicamente carente de contido, soa simboliza a lembranza, o pensamento de alguén.

M: Supoño que o que queres dicirme é que os 'collages' do autor están colmados de presentimentos.

F: Evidentemente, as follas que penduran no espacio e foxen ó infinito son coma sementes dunha pureza esencial, dun xermolo de xentileza orixinal que é sinónimo de candor, poesía. Esztarás de acordo en que neste ámbito da exposición te embarga unha profunda sensualidade.

M: Efectivamente, o visible, o que topamos cada día nun parque, nunha alameda, sobre todo agora no outono; o autor brúneo cunha pátina sublimada.

F: Si, aínda máis, a súa obra adquire un valor imaxinario, de símbolo poético. Son signos activos unidos por múltiples correspondencias espirituais. Eu destacaría que o universo persoal do autor é coma o seu alento, espaxado nun ambiente pletórico de recordos que viven no silencio.

(Xa saíndo)

M: ¡Vaia! ¡Que serios nos puxemos! Teño a sensación de que acabamos de dar un paseo pola Alameda. ¡Non che parece?

F: Paréceme, si; completamente de acordo. É coma estares na Alameda nesta estación. Tamén me fai evocar-lo minimalismo, ¿lembras cando asistimos no Auditorio ó concerto de Wim Mertens?

Fátima Otero